



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORES**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG de 9 de agosto), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES** dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.

2.- O censo electoral de profesores está exposto no taboleiro de anuncios establecido para as eleccións ao Consello Escolar.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar dende o día 11 ata as 14:00 horas do día 18 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando esta última persoa de secretario/a.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos/as.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do **claustro extraordinario** para a elección dos mesmos, convócase claustro de profesorado, a tales efectos, para **o mércores día 16 de novembro, ás 10:30 horas.**

8.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Mugardos, 10 de novembro de 2022

Asdo.: Serafín Álvarez Rodríguez
DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL